

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN *XERIÓN REI*, DE TORRECILLA

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo venres 5 de decembro de 2008, ás 20.30 h, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo), o acto de inauguración da exposición de pintura *XERIÓN REI*, de Francisco Javier Torrecilla.

A exposición permanecerá aberta ao público do 5 de decembro de 2008 ao 3 de xaneiro de 2009 no seguinte horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Clausuramos este ano 2008, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”, cunha exposición de Torrecilla. Recoñecido fotógrafo, logo duns anos sen expoñer as súas pinturas, recentemente ten retomado os pinceis. Hai poucos meses sorprendeunos cunha interesante exposición no Casino do Atlántico da Coruña; agora achégase a Culleredo cun novo proxecto, *Xerión Rei*, no que reflexiona sobre os mitos, sobre a falsidade e sobre a verdade, coa súa crúa ironía.

Alegrámonos deste regreso de Torrecilla ao mundo das artes plásticas, e estamos seguros de que todos os que se acheguen ata a nosa sala disfrutarán coa súa exposición e, o que é máis importante, reflexionarán sobre as súas mensaxes.

Datos biográficos

Francisco Javier Torrecilla naceu na Coruña en 1964. É fotógrafo de profesión. Ten participado no II Encontro de Pintura e Poesía organizado pola Deputación da Coruña no Pazo de Mariñán e no I Diálogo de Pintura e Poesía celebrado en Culleredo no presente ano.

Exposicións:

1985: Grupo “Desnivel”

1986: Casino de Ferrol.

1987: IV Certame de Pintura “Concello de Cambre”.

1991: VIII Certame de Pintura “Concello de Cambre”.

1993: “Imodi”, Hotel Tryp (A Coruña).

1995: “Sirenas y otros Bichos”, Casino do Atlántico (A Coruña).

2004: Premio Foto do ano, XV edición de “Galicia en Foco”.

2004: Exposición “Marea Negra”

2006: “II Encontro coa Pintura e a Poesía”, Fundación Luís Seoane (A Coruña).

2008: “Epistolario”, Casino do Atlántico (A Coruña).

Xerión Rei

Un guerreiro, ben pertrechado e entrenado, seguindo ordes precisas dos seus superiores, invade un país de pastores, pacífico e afastado. Mata e humilla ao seu rei, rouba as súas riquezas, o seu rabaño, para despois presentar este rei morto á historia coma un monstro e un tirano para co seu pobo, ao cal, o noso militar di ter liberado despois de matar a uns cantos milleiros deles, arrasar as súas vivendas e obras civís e de ter saqueado e violado todo o violábel e saqueábel. Hércules executa as súas ordes cegamente para satisfacer os baixos instintos de gobernantes quen á súa vez poderán facelo a el máis poderoso, máis rico ou máis influínte; é un mercenario ao servizo da codicia e a envexa que non repara en empregar calquera método para acadar os seus obxectivos.

Esta é a historia mil veces repetida e esta é a mentira mil veces rexistrada pola historia e mesmo polo mito. Revisar isto lévanos a sorprendérmonos de que hoxe, agora, estase reproducindo este patrón xenocida e de calunnia con exemplos de todos coñecidos ao longo de toda a historia da humanidade.

Reler o mito de Xerión e os seu asasino, Hércules, supón ver con outros ollos o acontecido no Olimpo dos mitos, moitos baseados en acontecementos reais, e qué é o que está sucedendo nos nosos días, no televisor, fronte ao noso nariz e ademais, reinterpretar toda a historia da humanidade coa mirada dos que quedaron sen voz porque quedaron sen gorxa. A dor provocada converteuse nunha imaxen estereotipada que incluso é premiada por doctos coñecedores da arte como peza de valor estético, qué bela composición de luces e sombras a dese neno malnutrido e abusado ou qué agradábel composición a dese estertor final. Xa somos incapaces de ver a dor, a allea, quero dicir.

Asumimos como certo o que nos presentan diante sen perder un segundo en reflexionar canta verdade hai nilo.

¿É a guerra algo consustancial ao ser humano? ¿E a mentira? Ninguén chamou a Hércules para que viñese a salvar nada, menos matar a alguén e aínda menos a que se levase o sustento dos habitantes do reino.

Facer a relectura do mito dende un punto de vista artístico é unha metáfora do que debería ser a arte, un reflexo da verdade, da verdade da alma do ser humano. A verdade, que neste momento, e seguramente sempre, é a única palabra realmente subversiva.

A verdade é a beleza suprema das cousas por riba de calquera consideración, por riba de calquera moda, por riba de calquera corrente. A verdade é o único estandarte que merece a pena seguir.

Torrecilla

Culleredo, 1 de decembro de 2008.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez